

RAY CHARLES

Ray Charles xorde de novo tras a película «Ray» protagonizada por Jamie Foxx, que nos descobre a apaixonante vida do rei do Soul.



Este gran artista naceu (1930) na pobreza, nunha vila de Xeorxia onde os negros pertencían ao grupo dos máis miserábeis. A súa nai, Aretha Robinson, era unha orfa que aos 16 anos quedou embarazada do seu pai adoptivo, que ao pouco desapareceu para fundar outra familia; mentres, Aretha marchou da súa casa e instalouse en Greenville (Florida), onde traballou de lavadeira para sacar adiante a Ray e ao seu irmán pequeno, froito doutra relación, que morreu afogado nun accidente doméstico que deixou traumatizado a Ray, incapaz de reaccionar e socorrello; na película ese accidente é o evento central da súa existencia. Nove me-

ses despois do accidente, Ray comezou a ter problemas nos ollos: vítima dun glaucoma, aos sete anos xa perdera totalmente a vista. Unha institución para cegos e xordos axudouno a desenvolverse na escuridade, e alí estudou música.

Quedou orfo sendo menor de idade, pero grazas aos consellos da súa nai soubo gañar a vida polo zona de Florida, tocando o piano en bandas de todo tipo, pero logo se decatou de que desa maneira non crecería musicalmente, e foise á cidade máis afastada de Florida, Seattle. Alí coñeceu a Quincy Jones, daquelas un trompetista adolescente, que quedou

pasmado polo oído do pianista e a súa capacidade para orquestrar; foron compañeiros musicais, e na nova cidade Ray chamou a atención do público negro por imitar como ninguén a Nat King Cole e Charles Brown. E alí espertou o instinto comercial do propietario de Swingtime, un modesto selo



dos Ánxeles especializado en música para afroamericanos. As primeiras gravacións de Ray fixéronse en Seattle no 1949, pero ao ano seguinte xa usaba o seu propio nome nos Ánxeles.

Swingtime acabou vendendo o contrato de Ray por 2.500\$ a Atlantic, a compañía dos irmáns Ertegun, dous turcos fascinados polos ritmos negros.

En Atlantic, logrou erotizar o gospel, a música da súa igrexa baptista. O gran escándalo de moitos crentes, volvérono como unha profanación, unha blasfemia. Despois disto Ray Charles comezou co rock and roll onde falaba do sexo sen ningún pudor.

Ray sempre foi un mullereiro, xogaba con varias cartas, e o resultado foi unha ducia de fillos...recoñecidos.

En 1959 deixou Atlantic despois de recibir un dos mellores contratos da historia: ABC-Paramount pagáballes as gravacións e mostrábase xenerosa no reparto de beneficios, con eles Ray rentabilizou a súa arte, e ademais, comezaba a lanzar a súas interpretacións de cancións country. Esas gravacións establecérono como artista estadounidense, apreciado a ambos lados da barreira racial.

Esta compañía tamén tapaba a relación de Ray Charles coas drogas, ata que uns axentes de aduanas encontraron marihuana e heroína no seu coche cando regresaba de Canadá. Foi noticia en todo o mundo, e isto foi o que condicionou a Ray



RAY CHARLES

á hora de deixar os seus problemas coa heroína, mais seguía consumindo marihuana con tranquilidade.



Para Ray a súa cegueira non supuxo ningunha barreira ao longo da súa vida diaria. Na súa casa ou no seu traballo desenvolvíase con tanta soltura que moitos visitantes chegaban a sospeitar que

finxía a cegueira. Para ordenar os seus traxes usaba un peculiar sistema, consistía en marcar as solas dos zapatos e os traxes, isto permitíalle coordinar estilos e cores á hora de vestirse. Cociñaba sen axuda e incluso resultou ser un excelente cociñeiro.

Foi proclamado O pai do soul, pero sempre mantivo unha distancia respecto a esa música. Durante os seus anos de esplendor non se adaptou ao soul sureño nin se aproximou ao son Motown ou ao son Filadelfia. Ray continuou triunfando con grandes baladas country. Fixo versións dos Beatles e comezou a ser moi familiar entre o público: participaba en comedias dos Blues Brothers ou Leslie Nielsen;

aparecía en campañas publicitarias vendendo dende Pepsi-Cola a outros produtos. Ray era unha persoa maior que ía por libre e que perdera o compás estético e ideolóxico dos novos tempos. Nin sequera cando a enfermidade se apodera del, renunciou á música. Pasa os seus últimos meses rematando Genius loves company, a colección de duetos que sería o seu éxito póstumo, e colaborando na película que nos descobre a súa apaixonada vida e na que é interpretado por Jamie Foxx - que grazas a esta extraordinaria interpretación recibiu o pasado 27 de Febreiro o Óscar ao mellor actor- rexurdindo de novo a imaxe de Ray Charles, que permanecerá inmortal entre nós.

Natalia R.C. 1ºBAC

JANIS JOPLIN (1943-1970)

A mellor cantante branca da historia do blues, e tamén representante do "acid-rock".

Este volcán, nacido nunha pequena vila de Texas (Port Arthur) no 1943, chegou á súa fin un 4-10-1970, pero a súa alma segue activa. Era unha muller forte, que soportou críticas feroces, algunha delas feita con moi mala intención, que soubo sobrepoñerse a músicos que non tiñan nin unha décima parte do seu talento, era capaz de tumbar bebendo a calquera, e soubo gañar o respecto do mundo machista.

Janis triunfou e gañou. O 12 de agosto de 1970 foi a última vez que Janis se subiu a un escenario, a



derradeira frase que pronunciou foi moi curiosa, foi algo semellante a unha última vontade: "Se aínda vos queda enerxía, ide para a casa e gastádea en amar a quen compartía a vosa vida con vós. Adeus".

Foi unha lenda do rock e do blues, nacida e morta para ser mito, un personaxe inmortal que posuía ese excepcional, inexplicable e cativador punto de totemia e que facía posible a súa voz cascada, desgarrada, sensual, imperiosa, burlona, desamparada, obscena, vital, agresiva, vibrante... ¡non existen palabras para